

Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria, S.A. para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou o 21 de abril de 2023 coa entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación vai proceder á convocatoria, por terceiro ano consecutivo, do Programa bonos Activa comercio dada a repercusión positiva que tiveron as anteriores edicións do programa na reactivación das vendas no comercio de proximidade galego, facendo posible que numerosas persoas puideran beneficiarse destas axudas.

A finalidade desta edición do Programa bonos Activa Comercio é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retallista, mellorando o fondo de manobra dos establecementos comerciais galegos e paliando o impacto negativo derivado da crise económica.

Os bonos Activa comercio poderán utilizarse polas persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia nos establecementos comerciais retallistas radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran ao programa, sendo as persoas consumidoras parte activa e fundamental para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación do seu comercio de proximidade.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

